

A FEDERACIÓN GALEGA DE MICOLOXÍA ENTREVISTA CO SEU PRESIDENTE, CARLOS ÁLVAREZ PUGA

Con qué obxectivo naceu a federación?

A creación de numerosas asociacións micolóxicas en Galicia no último cuarto do século XX, motivou a conveniencia de que estas estivesen relacionadas entre si e que se tratase de buscar obxectivos comúns a todas elas. Con este fin creouse a Federación Galega de Micología no ano 1981, da man do incansable promotor de asociacións que foi Antón Patiño.

Cal é o papel das distintas asociacións que a integran?

As distintas asociacións que integran a Federación teñen voz e voto nas actuacións que leve adiante a Federación. Entre outros aspectos destacan a edición da revista Tarrelas, a nosa presenza nas Unidades de Xestión Forestal UXFOR, no “Proxecto de elaboración dunha lista vermella de cogomelos para Galicia”, no Plan de Ordenación dos Recursos Naturais de diversas zonas de Galicia, etc.

Cómo se poden ampliar os coñecementos sobre cogomelos, de xeito que se poda sacar partido noutros aspectos aparte do gastronómico e tamén evitar riscos para a saúde?

Para coñecer os cogomelos non hai nada mellor que asistir ás diversas semanas que se celebran por toda Galicia, no outono, promovidas por as distintas asociacións. Nelas podemos atender a conferencias específicas sobre xeneralidades ou especies concretas e ver os cogomelos ao natural nas exposicións, comparalas, tocalas, ulilas, mesmo as probar, eso é o que nos vai afianzar no recoñecemento das diversas especies e con iso evitar riscos e confusións que poderían chegar a ser fatais.

Nas conferencias inclúense con frecuencia outros aspectos relacionados como: cultivo e comercialización, creación de coutos de cogomelos, etc.

Existen colaboracións con outras federacións nacionais ou internacionais?

Non temos unha liña directa de colaboración con outras federacións, limitámonos a intercambiar información por medio das revistas que cada federación edita.

Cara ónde se dirixen as accións futuras da federación?

Temos como meta procurarnos material de investigación para uso das asociacións, e invitar ás asociacións, que aínda non pertencen á Federación, a que se integren nela.

O listado das Agrupacións micolóxicas que forman parte da Federación Galega de Micoloxía pódese consultar na Internet,

<http://www.tarrelos.com/revistas/tarrelos10/index.html>

